



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN  
SECUNDARIA  
XESÚS FERRO COUSELO



Fondo Social Europeo  
*O FSE inviste no teu futuro*

# PROXECTO LINGÜÍSTICO

2024-2028



## ÍNDICE

1. Introducción.....	2
2. Marco legal.....	3
3. Contexto sociolingüístico.....	21
3.1. Situación sociolingüística do centro.....	21
3.1.1. O noso centro.....	21
3.1.2. Alumnado.....	22
3.2. Concello.....	23
3.2.1. Núcleos urbanos e parroquias.....	23
3.2.2. Emprego e tecido económico.....	23
4. Obxectivos xerais do proxecto do IES Xesús Ferro Couselo.....	25
5. Obxectivos específicos.....	26
5.1. Obxectivos para a mellora da competencia lingüística e o fomento das linguas estranxeiras.....	26
5.1.1. Lingua estranxeira.....	26
5.1.2. Segunda lingua estranxeira.....	27
5.2 Obxectivos para a mellora da competencia lingüística e o fomento da lingua galega.....	28
6. Plan de tratamento integrado de linguas.....	29
6.1 Unificación terminolóxica.....	30
6.2. Unificación metodolóxica.....	33
6.3. Unificación na avaliación.....	35
6.4 Tratamento dos contidos de linguas estranxeiras.....	37
6.4.1. Lingua estranxeira.....	37
6.4.2. Segunda lingua estranxeira.....	38
6.5 Criterios de avaliación de linguas estranxeiras ESO e Bacharelato.....	38
6.5.1. Criterios de avaliación ESO.....	38
6.5.2. Criterios de avaliación Bacharelato.....	42
7. Actividades dos departamentos de Linguas, EDLG e Biblioteca.....	46
8. Recursos humanos e materiais.....	46
9. Linguas nas que se imparten as diferentes materias.....	48
9.1. ESO.....	48
9.2 Bacharelato.....	51
10. Medidas de apoio e reforzo para o alumnado con insuficiente dominio das linguas.....	55
11. Avaliación do PLC.....	64



## 1. INTRODUCCIÓN

Os centros educativos son os espazos onde a persoa se forma en todo tipo de aprendizaxes e materias entre as que cobran especial relevancia as linguas. Desde as etapas máis temperás o alumnado irá adquirindo unha maior competencia lingüística e mellorando as destrezas comunicativas que lle serán fundamentais para o seu desenvolvemento integral, tanto desde o punto de vista académico como persoal.

O sistema educativo deberá garantir, logo, o dominio das linguas oficiais de Galicia, galego e castelán, e favorecer o coñecemento de linguas estranxeiras, tan necesario na sociedade multicultural e globalizada en que vivimos.

Os centros escolares concretarán a súa planificación lingüística no PLC (Proxecto Lingüístico de Centro) axustándose ao descrito no Decreto 79/2010.

Neste documento pedagóxico-administrativo especificaranse, entre outros datos, a distribución lingüística curricular, as medidas de apoio e reforzo para mellorar a competencia lingüística do alumnado e as actuacións encamiñadas a dinamizar o uso da lingua galega.

Tal e como se indica no artigo 14º, o PLC será redactado por unha comisión nomeada polo equipo directivo e constituída, como mínimo, polos/as xefes/as dos departamentos de linguas e mais o/a coordinador/a do EDLG (Equipo de Dinamización da Lingua Galega). No dito decreto establécese tamén que deberá remitirse á Inspección Educativa cada 4 anos e actualizarse anualmente nunha addenda que recolla os cambios producidos a respecto do curso anterior.

O Proxecto Lingüístico de Centro é unha parte do Proxecto Educativo de Centro no que se recolle a regulación consensuada dos usos lingüísticos comunicativos e a súa aplicación en todos os aspectos da vida do centro co fin de mellorar o ensino.

A comisión encargada de redactar o PLC está formada por:

Coordinadora do EDLG

Xefa do Departamento de Lingua Castelá

Xefa do Departamento de Lingua Galega

Xefa do Departamento de Lingua Francesa



Xefa do Departamento de Lingua Inglesa

Xefa do Departamento de Latín

## 2. MARCO LEGAL

### A. Constitución Española

- A lingua oficial de España é o castelán e a cidadanía ten o dereito e a obriga de coñecelo.
- As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas.

### B. Estatuto de Autonomía

- A lingua propia de Galicia é o galego.
- Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
- Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.
- Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

### C. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística

De conformidade coas disposicións procedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantizará a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncia a **Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado español en 2001.**



#### **D. Plan xeral de normalización da lingua galega, setembro do 2004**

Establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e dálle prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos.

Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulamentación do galego que facilite o seu emprego de xeito progresivo e xeneralizado en todos os niveis e graos non universitarios. Neste sentido, cómpre reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.

A mobilidade do estudantado e do profesorado que caracteriza a nosa sociedade non debe constituír un obstáculo para alcanzar os obxectivos descritos, senón que debe ser compatible co mantemento da singularidade cultural de Galicia e da lingua propia no ensino.

#### **E. Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o Plurilingüismo**

A Lei de normalización lingüística establece que a primeira ensinanza deberá impartirse na lingua do alumnado. Xa que logo, cando o idioma maioritario da aula sexa o galego, en educación infantil as clases impartiranse nesta lingua. Cando non o sexa, asegurárase o cumprimento da lei mediante a atención individualizada ao alumnado. En todo caso, as dúas linguas oficiais serán tidas en conta e o profesorado deberá procurar que os rapaces adquiren ambas en igualdade ao remate desta etapa educativa.

No resto das etapas, o galego deberá ter unha presenza horaria semellante á do castelán. Ademais, no ensino obrigatorio a Administración fixa algunhas materias que será preceptivo impartir na lingua propia de Galicia. En primaria, por ser unha área que



permite adquirir un léxico variado de uso corrente e que esixe do alumnado unha importante capacidade de desenvolvemento textual á hora de facer exercicios e exames, estableceuse a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural. Esta materia presenta, ademais, a vantaxe de incluír contidos propios das ciencias e contidos propios das humanidades. En secundaria obrigatoria, as materias fixadas veñen corresponderse co que na etapa anterior abranguía Coñecemento: Ciencias sociais, xeografía e historia; Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía.

O Decreto para o plurilingüismo establece que deberá procurarse que o alumnado utilice o galego nas materias que se impartan nesta lingua. Tamén os libros de texto e restantes materiais deberán estar en galego.

Para asegurar a promoción da lingua galega nos centros de ensino, o Decreto de plurilingüismo dispón que se establecerá un programa regular de actividades de fomento do galego, con especial atención ao incremento do seu uso nas actividades extraescolares e complementarias.

Aspectos principais:

- A educación infantil impartirase en galego cando esta sexa a lingua maioritaria do alumnado. Cando non o sexa, o profesorado procurará que todos os nenos e nenas adquiren o coñecemento da lingua propia de Galicia e atenderá os galegofalantes de xeito individualizado.
- No resto das etapas educativas, o galego terá unha presenza horaria semellante ao castelán.
- O decreto fixa o galego como lingua vehicular das materias de Coñecemento do medio, en primaria, e de Ciencias sociais, xeografía e historia; Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía, en secundaria obrigatoria.
- Nas materias impartidas en galego, os materiais didácticos estarán redactados nesta lingua e procurarse que o alumnado utilice o galego nas súas expresións orais e escritas.
- Establecerase un programa regular de actividades de fomento do galego, con especial atención ao incremento do seu uso nas actividades extraescolares e



complementarias.

- Constituirase un equipo de dinamización da lingua galega que deseñará e poñerá en práctica o dito programa. O seu coordinador participará tamén na comisión que elabore o proxecto lingüístico do centro.
- A Secretaría Xeral de Política Lingüística coordinará o labor dos equipos de dinamización, difundirá as súas experiencias e ofrecerá asesoramento técnico.
- A Consellería de Educación establecerá un plan de formación que garanta a competencia en galego do persoal dos centros educativos.
- A Administración educativa elaborará un plan específico de formación lingüística, histórica e sociocultural de adultos destinado á nova poboación inmigrante.

**F. DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 26/09/2022)**

*-Artigo 17. Principios pedagóxicos*

4. A **lectura** constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de **comprensión de lectura** de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da **comunicación**, os centros docentes organizarán a práctica docente de todas as materias, de xeito que se garanta nesta a incorporación dun **tempo de lectura e práctica da oratoria** nos termos recollidos na súa concreción curricular.

5. Os centros docentes impartirán de xeito **integrado** o currículo de **todas as linguas** da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa **plurilingüe**. No **proxecto lingüístico do centro** concretaranse as medidas tomadas para a impartición do **currículo integrado das linguas**. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre **criterios metodolóxicos básicos** de actuación en todas as linguas, acordos sobre a **terminoloxía** que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos **contidos e aos criterios de avaliación** similares nas distintas materias



lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

6. As **linguas oficiais** utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua **estranxeira**. No devandito proceso, daráselles prioridade á **comprensión**, á **expresión** e á **interacción oral**.

-Artigo 20. Titoría e orientación

-Artigo 21. Atención á diversidade

-Artigo 22. Programas de diversificación curricular

-Artigo 24. Avaliación

-Artigo 25. Promoción

-Artigo 26. Título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria

-Artigo 27. Avaliación de diagnóstico

-Artigo 29. Participación e dereito á información de nais, pais ou persoas titoras legais

-Artigo 36. Bibliotecas **escolares e lectura**

**G. ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. (DOG, 13/06/2023)**

-Artigo 6. Exención da Segunda **Lingua Estranxeira**

1. O alumnado dos dous primeiros cursos que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso, recibirá reforzo nas aprendizaxes daqueles aspectos en que se detectasen as dificultades.

2. Esta medida será proposta, con carácter xeral, nun informe elaborado pola persoa titora no curso anterior coa colaboración do departamento de orientación ou, de ser o caso, na avaliación inicial.

3. A competencia da decisión de exención da materia de Segunda Lingua Estranxeira recaerá na dirección do centro docente, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais





do alumnado afectado pola medida.

*Esta materia consignarase nos documentos de avaliación co termo «Exenta/o» (EX).*

#### *-Artigo 7. Materias e ámbitos pendentes*

*1. O alumnado que acade a promoción ao seguinte curso con materias ou ámbitos sen superar deberá matricularse deles e cursalos ao longo do curso seguindo os correspondentes plans de reforzo. Se o centro docente non imparte os ámbitos pendentes, o alumnado deberá matricularse de cada unha das materias que se agrupaban nos ditos ámbitos e cursalas seguindo os correspondentes **plans de reforzo**.*

*2. O centro educativo establecerá na súa concreción curricular os criterios para o deseño dos plans de reforzo. Así mesmo, as programacións didácticas deberán recoller os procedementos de seguimento, recuperación e avaliación das materias ou ámbitos pendentes.*

*3. O departamento didáctico que corresponda elixirá o profesorado que realice o seguimento e a avaliación das materias ou ámbitos pendentes, tendo en conta o seguinte:*

*a) Cando se trate da mesma materia ou ámbito será elixido, preferentemente, o profesorado que imparta a materia ou o ámbito á alumna ou ao alumno no actual curso académico.*

*b) No resto de materias ou ámbitos, será elixido, preferentemente, o profesorado que teña coñecemento do proceso de aprendizaxe e da realidade educativa da alumna ou do alumno por terlle impartido docencia no curso anterior ou por impartirlle docencia no curso actual.*

*4. O profesorado, coordinado pola xefatura do departamento didáctico ou polas persoas responsables dos centros privados, e conforme o procedemento establecido polo centro, informará sobre os aspectos básicos dos plans de reforzo ao alumnado e, de ser o caso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais.*

*5. O seguimento do plan de reforzo e avaliación das materias ou ámbitos pendentes realizarase en cada sesión de avaliación parcial e na sesión de avaliación final. Para estes efectos, programaranse actividades e/ou probas de avaliación ao longo do curso para verificar a superación desas materias ou ámbitos.*

*6. Ao alumnado que acceda a un programa de **diversificación curricular** con materias*



*pendentes de cursos anteriores aplicaráselle a regulación do número 10 do artigo 10.*

#### *-Artigo 8. Validación e exención de materias*

*1. As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado, ou o propio alumnado no caso de ser maior de idade, poderán solicitar a validación e/ou a **exención de materias** nos termos establecidos na normativa de aplicación.*

*2. Con carácter xeral, a solicitude realizarase ante a dirección do centro durante o período de matrícula no curso académico e durante o mes de setembro. Coa solicitude achegarase a documentación que acredite as circunstancias que xustifiquen a posible validación e/ou exención.*

*3. As materias obxecto de validación e/ou exención consideraranse como materias superadas para os efectos da obtención do título de educación secundaria obrigatoria. Estas materias non terán cualificación numérica.*

*4. A validación dunha materia poderá solicitarse con independencia de que o centro docente a imparta. Para isto, solicitará a matrícula da materia obxecto de validación só a efectos administrativos.*

*5. Das validacións e/ou exencións de materias deixarase constancia no expediente académico mediante unha dilixencia, que se axustará no seu contido ao modelo que se establece no anexo I.*

*Estas materias consignaranse nos documentos de avaliación co termo «Validada» (CV) e/ou o termo «Exenta/o» (EX).*

#### *-Artigo 10. Programa de diversificación curricular*

*1. Os programas de diversificación curricular terán dous cursos de duración correspondentes ao terceiro e ao cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria.*

*2. O equipo docente poderá propoñer a incorporación a este programa do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria*



*obligatoria. Ademais, o alumnado deberá encontrarse nalgunha das seguintes situacións:*

- a) Ter cursado o segundo curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción a terceiro.*
- b) Ter cursado o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción a cuarto. Para estes efectos, o alumnado que non poida repetir o terceiro curso poderá incorporarse ao segundo curso do programa de diversificación curricular correspondente ao cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.*
- c) Excepcionalmente, o equipo docente poderá propoñer a incorporación ao segundo curso do programa de diversificación curricular correspondente ao cuarto curso da educación secundaria obrigatoria o alumnado que teña que repetir o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.*

*3. Os programas de diversificación curricular incluírán dous ámbitos específicos:*

- a) O ámbito Científico-Tecnolóxico, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de Bioloxía e Xeoloxía; Física e Química e Matemáticas.*
- b) O ámbito Lingüístico e Social, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de Lingua Castelá e Literatura; Lingua Estranxeira; Lingua Galega e Literatura e Xeografía e Historia.*

*Estes programas incluírán tamén o resto de materias do terceiro ou cuarto curso da educación secundaria obrigatoria establecidas nos artigos 9 e 10 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, que non formen parte dos ámbitos específicos e que o alumnado cursará, con carácter xeral, nun grupo ordinario. Para estes efectos, no cuarto curso, o alumnado só elixirá unha das materias de opción, e quedarán excluídas as materias de Bioloxía e Xeoloxía, e de Física e Química.*

*-Artigo 11. Autonomía dos centros*

*1. Os centros docentes, no uso da súa autonomía, desenvolverán e completarán, de ser o caso, o currículo da educación secundaria obrigatoria adaptándoo ás características do alumnado e á súa realidade educativa, e fixarán a súa concreción e incorporaran a ao seu*



*proxecto educativo e funcional, que impulsará e desenvolverá os principios, os obxectivos e a metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa.*

*2. A concreción do currículo que realicen os centros docentes nos seus proxectos educativos e funcionais terá como referente o perfil de saída.*

#### *-Artigo 12. Concreción curricular*

*1. A concreción curricular, que se incorporará ao proxecto educativo e funcional do centro, establece os criterios e as decisións que orientan o desenvolvemento do currículo e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica.*

*2. O claustro de profesorado garantirá, mediante a concreción curricular, a coherencia na actuación docente.*

*3. A concreción curricular, que será única para cada centro, incluírá, como mínimo, os aspectos recollidos no artigo 15 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.*

*4. Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática de programación que pon á disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e, de ser o caso, para a modificación da concreción curricular. Esta aplicación informática tamén se utilizará para a súa supervisión por parte da Inspección educativa.*

*5. Os centros docentes farán pública a concreción curricular co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.*

#### *-Artigo 14. Métodos pedagóxicos*

*1. A metodoloxía didáctica buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída establecido no anexo I do Decreto 156/2022, do 15 de setembro. Procurarase a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, teranse en conta os seus ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerase a capacidade de aprender por si mesmo, fomentarse o traballo colaborativo e en equipo, e potenciarase a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes*



*efectos, no deseño das actividades de cada materia o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos desta e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se establecen nas orientacións pedagóxicas para cada materia nos anexos II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.*

*2. Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así mesmo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.*

*3. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da **lectura**, así como o da **comunicación**, os centros docentes organizarán a práctica docente de todas as materias, de xeito que se garanta nesta a incorporación dun **tempo de lectura e práctica da oratoria** nos termos recollidos na súa concreción curricular.*

*4. Os centros docentes impartirán, de xeito integrado, o currículo de **todas as linguas da súa oferta educativa**, co fin de favorecer que **todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe**. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as **medidas** tomadas para a impartición do **currículo integrado das linguas**. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre **criterios metodolóxicos** básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a **terminoloxía** que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos **contidos** e aos **criterios de avaliación** similares nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.*

*5. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras. No devandito proceso, priorizarase a comprensión, a expresión e a interacción oral.*



### *-Artigo 15. Plans educativos*

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un **plan de lectura**, un **plan de biblioteca**, un **plan dixital** e un **plan de actividades físicas e hábitos saudables**, de acordo cos artigos 36, 37 e 38 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

2. Estes plans serán únicos para cada centro docente e deberán desenvolver aspectos concretos da educación secundaria obrigatoria, así como das outras etapas educativas que se ofertan no dito centro, de ser o caso.

### *-Artigo 16. O plan de lectura*

O **plan de lectura** na etapa de educación secundaria obrigatoria terá por finalidade a **promoción e o fomento da lectura, a escritura** e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave, e incluírá, como mínimo, os seguintes elementos:

a) *Introdución, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación del.*

b) *Análise do contexto, que recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro en relación coa **lectura e co seu fomento**.*

### *-Artigo 17. O plan de biblioteca*

O **plan de biblioteca** terá por finalidade a promoción da biblioteca escolar como centro de referencia de **recursos da lectura**, da información e da aprendizaxe, e incluírá, como mínimo, os seguintes elementos:

a) *Introdución, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación del.*

b) *Análise do contexto, que recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro en relación coa organización e a xestión da biblioteca, a formación de persoas usuarias, a contribución ao desenvolvemento das competencias do alumnado e o fomento da lectura.*



### *-Artigo 21. Carácter da avaliación*

*1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.*

*2. A avaliación na educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.*

*3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.*

*Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria, tendo en conta o regulado nos artigos 28 e 29.*

*4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás **necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo**.*

*5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detecta que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.*

### *-Artigo 32. Avaliación de diagnóstico*

*No segundo curso de educación secundaria obrigatoria todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo seu alumnado, segundo dispoña a consellería con competencias en materia de educación. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes,*



*para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. Esta avaliación, de carácter censual, terá como marco de referencia o establecido de acordo co artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.*

*-Artigo 33. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente*

*1. A avaliación do proceso de ensino e da propia práctica docente ten como fin analizar e valorar a intervención educativa que ten lugar nas aulas para adaptala ás características e necesidades do alumnado.*

*2. Nas programacións didácticas estableceranse indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente que versarán, como mínimo, sobre os seguintes aspectos:*

*a) A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.*

*b) A metodoloxía empregada.*

*c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.*

*d) As medidas de atención á diversidade.*

*e) O clima de traballo na aula.*

*f) A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.*

**H. ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. (DOG, 13/06/2023)**

*-Artigo 5. Agrupación de materias en ámbitos*

*1. Nos tres primeiros cursos da etapa, os centros, facendo uso da súa autonomía, poderán establecer agrupacións de materias en ámbitos, conforme os criterios establecidos nas súas concrecións curriculares.*

*2. Esta organización curricular debe contribuír, desde a propia estrutura do currículo e desde a metodoloxía de traballo, á consecución dos seguintes obxectivos:*

*a) Consolidar e reforzar as aprendizaxes para un adecuado desenvolvemento das competencias clave da educación secundaria obrigatoria.*





*b) Motivar o alumnado por medio de metodoloxías activas de aprendizaxe.*

*c) Promover estratexias que faciliten a coordinación e o traballo interdisciplinario dos equipos docentes que imparten clase a un mesmo grupo de alumnado.*

*3. Nas agrupacións por ámbitos teranse en conta as seguintes consideracións:*

*a) Deberán respectarse os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das materias que se integren nestes, así como o horario asignado ao conxunto delas. Con carácter xeral, a organización dos elementos curriculares nun ámbito realizarase de maneira globalizada.*

*b) O nome do ámbito resultante será a concatenación mediante guións dos nomes das materias que constitúen o dito ámbito na orde en que aparecen nos artigos 9 e 10 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.*

*c) A medida non condiciona todos os grupos do nivel nin tampouco obriga a agrupar todas as materias en ámbitos.*

*d) No caso de agrupar no ámbito unha materia optativa do terceiro curso, esta debe ser cursada por todo o alumnado do grupo.*

*e) Cada ámbito específico será impartido por unha única profesora ou un único profesor con atribución docente nalgunha das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro. No caso de que a materia **Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua Estranxeira** forme parte do ámbito e este sexa impartido por unha profesora ou un profesor dunha especialidade diferente á que é propia desas materias, deberá acreditar, polo menos, o nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas na lingua correspondente.*

*4. A constitución destes agrupamentos requirirá autorización expresa do Servizo Territorial de Inspección Educativa.*

### **-Artigo 6. Exención da Segunda Lingua Estranxeira**

*1. O alumnado dos dous primeiros cursos que presente **dificultades continuadas** no proceso de aprendizaxe, en particular **nas materias lingüísticas**, poderá quedar **exento** de*



*cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso, recibirá reforzo nas aprendizaxes daqueles aspectos en que se detectasen as dificultades.*

*2. Esta medida será proposta, con carácter xeral, nun informe elaborado pola persoa titora no curso anterior coa colaboración do departamento de orientación ou, de ser o caso, na avaliación inicial.*

*3. A competencia da decisión de exención da materia de Segunda Lingua Estranxeira recaerá na dirección do centro docente, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado afectado pola medida.*

*Esta materia consignarase nos documentos de avaliación co termo «Exenta/o» (EX).*

#### **-Artigo 8. Validación e *exención de materias***

*1. As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado, ou o propio alumnado no caso de ser maior de idade, poderán solicitar a validación e/ou a exención de materias nos termos establecidos na normativa de aplicación.*

*2. Con carácter xeral, a solicitude realizarase ante a dirección do centro durante o período de matrícula no curso académico e durante o mes de setembro. Coa solicitude achegarase a documentación que acredite as circunstancias que xustifiquen a posible validación e/ou exención.*

*3. As materias obxecto de validación e/ou exención consideraranse como materias superadas para os efectos da obtención do título de educación secundaria obrigatoria. Estas materias non terán cualificación numérica.*

*4. A validación dunha materia poderá solicitarse con independencia de que o centro docente a imparta. Para isto, solicitará a matrícula da materia obxecto de validación só a efectos administrativos.*

*5. Das validacións e/ou exencións de materias deixarase constancia no expediente académico mediante unha dilixencia, que se axustará no seu contido ao modelo que se establece no anexo I.*

*Estas materias consignarase nos documentos de avaliación co termo «Validada» (CV) e/ou o termo «Exenta/o» (EX).*

#### **-Artigo 20. A concreción anual dos plans educativos**



- Artigo 21. *Carácter da avaliación*
- Artigo 22. *Avaliación das competencias clave*
- Artigo 28. *Promoción*
- Artigo 29. *Titulación*
- Artigo 30. *Probas ou actividades personalizadas extraordinarias*
- Artigo 32. *Avaliación de diagnóstico*
- Artigo 33. *Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente*
- Artigo 35. *Información da avaliación*

## **I. DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 26/09/2023)**

- Artigo 13. *Estrutura curricular das materias*
- Artigo 14. *Horario*
- Artigo 16. *Concreción curricular*
- Artigo 17. *Programacións didácticas*
- Artigo 18. *Principios pedagóxicos*

4. A **lectura** constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

Co fin de fomentar e estimular as habilidades de **comprensión de lectura** e de uso da información, de **expresión escrita** e de se expresar correctamente en público, os centros docentes organizarán a práctica docente de xeito que o profesorado nas distintas materias as poida incorporar nos termos recollidos na súa concreción curricular.

5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de **todas as linguas** da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as **experiencias lingüísticas** do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia **comunicativa plurilingüe**. No **proxecto lingüístico** do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre **criterios metodolóxicos básicos** de actuación en



todas as linguas, acordos sobre a **terminoloxía** que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos **criterios de avaliación** similares nas **distintas áreas lingüísticas**, de xeito que se evite a repetición dos **aspectos comúns** á aprendizaxe de calquera lingua.

6. As **linguas oficiais** utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da **lingua estranxeira**. No devandito proceso, priorizaranse a **comprensión**, a **expresión** e a **interacción oral**.

#### -Artigo 21. Atención á diversidade

1. Na etapa de bacharelato prestarase especial atención ás alumnas e aos alumnos con necesidade específica de apoio educativo. Para estes efectos, estableceranse as alternativas organizativas e metodolóxicas, e as medidas de atención á diversidade precisas para facilitar o acceso ao currículo deste alumnado, así como as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás súas necesidades.

#### -Artigo 34. **Bibliotecas escolares e lectura**

1. Os centros docentes deberán incluír, dentro do seu proxecto educativo e funcional, un **plan de lectura** coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas a afianzar o hábito da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Os centros docentes contarán cunha **biblioteca escolar** e deberán incluír, dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovelas como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do **plan de lectura**.



### ***Disposición adicional segunda. Aprendizaxe de linguas estranxeiras***

1. Na impartición de materias en **linguas estranxeiras**, os centros docentes aplicarán o disposto no capítulo IV do Decreto 79/2010, do 20 de maio, sen que iso supoña modificación dos aspectos regulados neste decreto e na normativa básica estatal correspondente. Neste caso, procurarase que ao longo da etapa as alumnas e os alumnos adquiran a **terminoloxía** propia das materias na lingua estranxeira e nas dúas linguas oficiais de Galicia.

2. Os centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan unha parte das materias do currículo en linguas estranxeiras aplicarán, en todo caso, os criterios para a admisión do alumnado establecidos no artigo 86 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

**L. ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. (DOG, 13/06/2023)**

-Artigo 9. A materia común Lingua Estranxeira

-Artigo 12. Validación e exención de materias

-Artigo 13. Titoría e orientación

-Artigo 15. Concreción curricular

-Artigo 16. Programacións didácticas

-Artigo 17. Métodos pedagóxicos

-Artigo 18. Plans educativos

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un **plan de lectura**, un **plan de biblioteca**, un plan dixital e un plan de actividades físicas e hábitos saudables, de acordo cos artigos 34, 35 e 36 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.

-Artigo 19. O **plan de lectura**

-Artigo 20. O **plan de biblioteca**

-Artigo 24. Carácter da avaliación



*-Artigo 30. Promoción*

*-Artigo 31. Titulación*

*-Artigo 35. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente*

*-Artigo 36. Información da avaliación*

*-Artigo 38. Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva*

**M. DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG, 21/12/2011)**

### 3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

#### 3.1. Situación sociolingüística do centro

O Instituto de Educación Secundaria, Xesús Ferro Couso, é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que imparte estudos obrigatorios e bacharelato. O Centro está situado nos arrabaldes do concello de Ourense, na rúa Ponte Sevilla nº 43; moi preto do pavillón de deportes Paco Paz e de Expourense.

O alumnado presenta un perfil bastante uniforme dende unha perspectiva sociocultural e lingüística. Case todo o alumnado procede de familias que adoitan ter o galego como lingua de orixe, pero obsérvase a non transmisión xeracional de pais a fillos. Por outro lado, cada curso aumenta a porcentaxe de alumnado de orixe estranxeira.

##### 3.1.1. O noso centro

O Instituto de Educación Secundaria Xesús Ferro Couso está situado nunha zona periférica da cidade de Ourense, no barrio de Mariñamansa. Foi inaugurado no ano 1989.



O centro conta cos seguintes espazos:

- Un salón de actos na nova planta
- 19 aulas\_e 7 desdobres
- Dous laboratorios.
- Un ximnasio pechado.
- Dúas aulas de informática.
- Unha aula de música.
- Unha aula de tecnoloxía.
- Unha aula de plástica.
- Un aula de pedagogía terapéutica.
- 9 departamentos.
- Dous campos de deporte, un deles cuberto.
- Dependencias propias para a xestión e a administración.
- Unha biblioteca.
- Unha sala de profesores.
- Unha sala de recepción de pais e nais.
- Unha cafetería – comedor

### **3.1.2. Alumnado**

A maior parte do alumnado do Centro vive no Concello de Barbadás, polo que utilizan o transporte escolar e o servizo de comedor dos luns, que é o día que teñen clase pola tarde. O noso centro agrupa este curso escolar ao inicio de curso un total de 381 alumnos e alumnas: 281 de Secundaria e 100 de Bacharelato. En Secundaria recibimos alumnos e alumnas dos dous CEIP (CEIP RUXIDOIRO e CEIP FILOMENA DATO), no concello de Barbadás, no caso de primaria; e do CEIP Plurilingüe Luís Vives no caso de bacharelato; aínda que algúns alumnos/as proceden dos concellos de Ourense ou Taboada. O alumnado estranxeiro, na súa maior parte, procede de Sudamérica.

Nas interaccións comunitarias, no concello e nas entidades asociativas do contorno,



cómpre resaltar que na meirande parte do alumnado dos núcleos de maior poboación e con poboación máis nova apreciamos un avanzado retroceso nas interaccións do alumnado no centro educativo.

### 3.2. Concello

- Barbadás é un municipio pertencente á provincia de Ourense, na comunidade autónoma de Galicia (España). Forma parte da comarca de Ourense.
- Este concello, mantivo durante os últimos anos un crecemento demográfico exponencial, alcanzando no 2023 11.171 habitantes.
- O seu principal núcleo socioeconómico é a localidade da Valenzá, lindeira coa capital ourensá.

#### 3.2.1. Núcleos urbanos e parroquias

O municipio de Barbadás está formado polos seguintes núcleos urbanos ou parroquias: A Valenzá, As Lamas, O Fonsillón, Finca Fierro, Barbadás, Alto do Pontón, Bentraces, Loiro, Piñor, Mondideu, Parada e Santa Uxía.

#### 3.2.2. Emprego e tecido económico

Nunha breve análise socioeconómica do concello, comprobamos que a estrutura económica é moi diversa, cunha distribución na que predomina o sector terciario, seguido do sector secundario. Este sector terciario ofrece servizos de moi diferente índole: industria hoteleira e hostaleira, así como infraestruturas e servizos relacionados co recente crecemento da poboación: garderías, parques públicos, colexios, lugares de ocio, etc. Este sector leva ocupando entre o 60 % da poboación activa.

O sector secundario (construción e industria) tamén continúa sendo ~~estable~~ pese á situación económica global, ocupando aproximadamente segundo os nosos datos o 28-30 % da poboación activa.





O sector primario é moito menos relevante ocupando só o 10% da poboación activa, pola escasa actividade e a pouca capacidade de emprego que se crea no sector. A gandería, tanto intensiva como extensiva, concéntrase nalgunhas parroquias, non habendo ningunha explotación dominante, sendo case todas de tipo familiar. A isto hai que unir unha produción agrícola moi variada (millo, patacas, árbores frutais, vides...) dedicada a autoconsumo, fundamentalmente.

### -Datos xerais do centro curso 23-24

DATOS XERAIS	TOTAL	MULLERES	HOMES
ALUMNADO	381	183	198
PROFESORADO	40	28	12
PERSOAL NON DOCENTE	5	5	0
<b>TOTAIS GLOBAIS</b>	<b>426</b>	<b>216</b>	<b>210</b>

	CURSO	TOTAL	MULLERES	HOMES
<b>ESO</b>	1º 24/25/25	74	37	37
	2º 22/21/21/22	86	46	40
	3º 28/27	55	24	31
	4º 20/23/23	66	33	33
		<b>281</b>	<b>140</b>	<b>141</b>
<b>BCH</b>	1º 17/26	43	18	25
	2º 29/28	57	25	32
		<b>100</b>	<b>43</b>	<b>57</b>



<b>TOTAIS</b>	<b>381</b>	<b>183</b>	<b>198</b>
---------------	------------	------------	------------

**Datos do alumnado dependendo da modalidade de bacharelato**

**BCH. CC.- 43    BCH. CCSS.- 39    BCH. Humanidades.- 18**

CIENCIAS E TECNOLOXÍA	1ºBCH		CIENCIAS SOCIAIS	1ºBCH		HUMANIDADES	1ºBCH	
	1ºBCH	2ºBCH		2ºBCH	2ºBCH		2ºBCH	2ºBCH
Alumnas	4	9	Alumnas	10	9	Alumnas	4	7
Alumnos	11	19	Alumnos	9	11	Alumnos	5	2
<b>TOTAIS</b>	<b>15</b>	<b>28</b>	<b>TOTAIS</b>	<b>19</b>	<b>20</b>	<b>TOTAIS</b>	<b>9</b>	<b>9</b>

**Representación do profesorado e do alumnado nos distintos órganos de decisión do centro.**

ÓRGANO COLEXIADO	CCP	CLAUSTRO	CE	DELEGADOS/AS	SUBDELEGADOS/AS
<b>MULLERES</b>	<b>14</b>	<b>28</b>	<b>14</b>	<b>5</b>	<b>11</b>
<b>HOMES</b>	<b>6</b>	<b>12</b>	<b>5</b>	<b>11</b>	<b>5</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>20</b>	<b>40</b>	<b>19</b>	<b>16</b>	<b>16</b>

**4. OBXECTIVOS XERAIS DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO IES XESÚS FERRO COUSELO**



- Acadar unha base de aprendizaxe común para todas as linguas do currículo.
- Fomentar a reflexión interlingüística.
- Mellorar a competencia comunicativa do alumnado en todas as linguas.
- Garantir a coexistencia harmónica entre as dúas linguas oficiais.
- Obter unha maior coherencia metodolóxica e terminolóxica.
- Espertar o interese pola aprendizaxe de novas linguas.
- Valorar a diversidade lingüística.
- Potenciar o uso do galego por parte de toda a comunidade escolar.
- Mellorar a competencia lingüística do alumnado utilizando os recursos necesarios no caso de alumnado estranxeiro que descoñece as linguas cooficiais da comunidade.
- Integrar as TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe e da práctica docente, para o desenvolvemento da competencia lingüística-dixital, en todas as áreas, materias e ámbitos do currículo.
- Desenvolver actitudes positivas de cara á utilización das linguas nas que se imparten nas materias lingüísticas e non lingüísticas.

## 5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

### 5.1. Obxectivos para a mellora da competencia lingüística e o fomento das linguas estranxeiras

#### 5.1.1. Lingua Estranxeira

Os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira na **educación secundaria obrigatoria** supoñen unha progresión con respecto aos adquiridos durante a educación primaria, que serán o punto de partida para esta nova etapa, e desenvolveranse a partir dos repertorios e experiencias do alumnado. Isto implica unha ampliación e un



afondamento nas actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación, entendida nesta etapa como a actividade orientada a explicar conceptos e simplificar mensaxes co fin de facilitar a comprensión mutua e de transmitir información. A progresión ademais supón outorgarlle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento das linguas e ás relacións entre as distintas linguas dos repertorios individuais do alumnado. Os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira tamén inclúen a valoración e a adecuación á diversidade lingüística, artística e cultural entre o alumnado, co fin de que aprenda a actuar de forma empática e respectuosa en situacións comunicativas interculturais.

Os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira en **bacharelato** supoñen unha profundización e unha ampliación con respecto aos adquiridos ao termo do ensino básico, que serán a base para esta nova etapa e que se desenvolverán a partir dos repertorios e das experiencias do alumnado. Isto implica un maior desenvolvemento das actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación, entendida nesta etapa como a actividade orientada a atender á diversidade e a colaborar e solucionar problemas de intercomprensión e entendemento. A progresión tamén leva a unha reflexión máis crítica e sistemática sobre o funcionamento das linguas e as relacións entre as distintas linguas dos repertorios individuais do alumnado. Os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira tamén inclúen unha maior profundización nos saberes necesarios para xestionar situacións interculturais e a valoración crítica e a adecuación á diversidade lingüística, artística e cultural, coa finalidade de fomentar a comprensión mutua e de contribuír ao desenvolvemento dunha cultura compartida.

### 5.1.2. Segunda Lingua Estranxeira

Os obxectivos da materia de Segunda Lingua Estranxeira toman en consideración as competencias adquiridas durante a educación das etapas anteriores. Isto implica ter en conta como coñecementos previos as súas estratexias comunicativas, xa adquiridas, de comprensión, produción, interacción e mediación, aínda que se entende esta última, neste contexto de adquisición dunha segunda lingua estranxeira, como a actividade



orientada a transmitir mensaxes básicas co fin de facilitar a comprensión mutua e de transferir información igualmente básica.

A maiores, prepárase o alumnado para obter a certificación nas linguas estranxeiras que se ensinan no centro, segundo establece o Marco Europeo das Linguas (B1, B2 e C1).

## 5.2. Obxectivos para a mellora da competencia lingüística e o fomento da lingua galega

Pensamos que é necesario perfilar uns obxectivos específicos para normalizar e dinamizar o uso da lingua materna do alumnado:

- Promover a interacción entre a escola e a súa contorna para conseguir unha normalización da lingua galega.
- Consolidar a lingua galega como lingua de comunicación tanto nas actividades do centro como nas relacións que se manteñan cos proxenitores e/ou titores legais do alumnado, así como coa ANPA; tamén coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia.
- Promover que o alumnado acade unha competencia comunicativa en galego empregando este idioma como lingua viva e vehicular.
- Establecer accións de dinamización que fomenten a autoestima cara a lingua galega dos pais e nais, especialmente galego-falantes, co obxectivo de aumentar a transmisión de pais a fillos, pedindo axuda ás familias para que colaboren na aprendizaxe da lingua deficitaria, neste caso o galego.
- Valorar e estimar a lingua galega como algo útil en calquera situación comunicativa, desenvolvendo a conciencia lingüística e borrando prexuízos lingüísticos cara a lingua galega.
- Valorar e aumentar a estima da variedade dialectal.
- Utilizar como modelos de referencia aos alumnos/as que falan galego para motivar e axudar aos demais.
- Facer uso da lingua galega dentro e fóra das aulas.



- Fomentar a lectura en galego como fonte de aprendizaxe e pracer.
- Apoiar e mesmo coordinar calquera iniciativa dinamizadora dos membros da Comunidade Educativa.
- Responsabilizar o profesorado no proceso de dignificación da lingua como modelo lingüístico diario de referencia do alumnado.
- Proporcionar asesoramento lingüístico ao profesorado que o precise para a realización de actividades.
- Fomentar actividades que favorezan o uso do galego e o coñecemento da nosa historia e tradición cultural colaborando co concello, ANPA, asociacións...
- Atender e dar resposta ás diferentes necesidades do alumnado mediante estratexias e recursos apropiados á diversidade do mesmo.
- Achegar ao alumnado ao mundo das TICs, animándoos a elaborar materiais en galego (por exemplo blogues) e a navegar por páxinas na súa lingua con contidos actuais conectados con temas do seu interese (música, deporte...)
- Axudar ao alumnado inmigrante na incorporación á nosa lingua.
- Achegar as actividades do EDLG á comunidade educativa.
- Fomentar o respecto cara ás outras linguas e cara aos seus falantes.
- Mellorar a lectura comprensiva grazas á implantación por noveno ano consecutivo do "Tempo de ler" en toda a ESO.

## 6. PLAN DE TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS

O tratamento integrado de linguas (en diante TIL) é un dos piares esenciais deste Proxecto lingüístico, tal e como se establece do DECRETO 156/2022 *polo que se establecen a ordenación e o currículo do ensino secundario obrigatorio na Comunidade Autónoma de Galicia*. Nel establécese como liña de actuación no proceso de ensino-aprendizaxe a "coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para reforzar conxuntamente a aprendizaxe de calquera lingua, en canto á tipoloxía textual, á definición de termos lingüísticos e á utilización de



terminoloxía similar. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte”.

En palabras de Teresa Ruiz (2012)<sup>1</sup>: “O Tratamento Integrado de Linguas é unha corrente na didáctica das linguas que intenta que todas as linguas curriculares compartan os mesmos principios metodolóxicos e o mesmo enfoque didáctico”. En definitiva, o que pretende este enfoque integrador é extraer o máximo partido á riqueza de estudar e falar diferentes códigos lingüísticos, buscando o “plurilingüismo inclusivo” e facendo transferencias entre as linguas para optimizar e facilitar o proceso de aprendizaxe.

Partindo deste principio, deseñaremos actuacións integradoras na terminoloxía, na metodoloxía e na avaliación das linguas vehiculares e das linguas estranxeiras. Este consenso facilitará o proceso de ensino-aprendizaxe e redundará no seu aproveitamento por parte do alumnado e, así mesmo, facilitará a acción do profesorado.

## 6.1. UNIFICACIÓN TERMINOLÓXICA

A unificación terminolóxica ha de ser un dos puntos de partida para lograr o consenso que persigue o TIL. A este acordo chégase tras a discusión mantida no seo de diferentes reunións entre os Departamentos implicados na docencia das linguas vehiculares, das linguas estranxeiras e de linguas clásicas.

A continuacións transcríbese o acordo nos seus trazos esenciais. Pero antes convén precisar que este documento non é máis ca un punto de partida que se ha de ir modificando para responder ás necesidades e aos cambios que xurdan ao longo dos diferentes cursos. Polo tanto, ha de interpretarse coma un documento permeable que, ante todo, pretende facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

### A. TERMINOLOXÍA NO ÁMBITO DA MORFOLOXÍA

Constituíntes da palabra:

<sup>1</sup> Ruiz, T. et al. (2012) “La enseñanza integrada de las lenguas en la escuela plurilingüe”, *Revista Iberoamericana de Educación*, 59(2012). <https://rieoei.org/RIE/article/view/459>



- Preferentemente optarase polo termo LEXEMA en lugar de RAÍZ; e morfemas derivativos (prefixos/sufixos/interfixos).
- Nos verbos en forma persoal, falaremos de morfema modo-tempo.
- Na clasificación verbal acórdase empregar a dobre nomenclatura para a identificación das formas verbais: pretérito imperfecto ou copretérito, pretérito anterior ou antepretérito, por exemplo. Recoméndase entregar ao alumnado unha táboa coa equivalencia dos tempos verbais tal e como segue:

NOMENCLATURA EN GALEGO	VERBO EN GALEGO	VERBO EN CASTELÁN
Presente de indicativo	<b>Canto</b>	<b>Canto</b> (presente de ind.)
Copretérito	<b>Cantaba</b>	<b>Cantaba</b> (pret. imperfecto de indicativo)
Pretérito de indicativo	<b>Cantei</b>	<b>Canté</b> (pret. perfecto simple de indicativo) <b>He cantado</b> (pret. perfecto compuesto de indicativo) <b>Hube cantado</b> (pret. anterior de indicativo)
Antepretérito de indicativo / pretérito pluscuamperfecto de indicativo	<b>Cantara</b>	<b>Había cantado</b> (pretérito pluscuamperfecto de indicativo.)
Futuro de indicativo	<b>Cantarei</b>	<b>Cantaré</b> (futuro simple) <b>Habré cantado</b> (futuro compuesto)
Postpretérito de indicativo	<b>Cantaría</b>	<b>Cantaría</b> (condicional simple) <b>Habría cantado</b> (condicional compuesto)
Presente de subjuntivo	<b>Cante</b>	<b>Cante</b> (presente de subjuntivo) <b>Haya cantado</b> (pret. perfecto compuesto de subjuntivo)
Pretérito de subjuntivo	<b>Cantase</b>	<b>Cantara o cantase</b> (pretérito imperfecto de subjuntivo) <b>Hubiera o hubiese cantado</b> (pretérito pluscuamperfecto de





		subjuntivo) <b>Haya cantado</b> (pretérito perfecto compuesto de subjuntivo).
Futuro de subxuntivo	<b>Cantar</b>	<b>Cantare</b> (futuro simple de subjuntivo) <b>Hubiere cantado</b> (futuro compuesto de subjuntivo)

## B. SINTAXE

- Deixaremos liberdade para analizar en árbore ou en caixas. Estamos de acordo en que o importante non é a representación, senón a información que conteña. Consideramos que non está de máis que o alumnado coñeza os dous métodos de análise e que escolla entre o que considere máis axeitado.
- Preferencia polo termo **FRASE** ante SINTAGMA ou GRUPO.
- Elimínase a diferenza entre PROPOSICIÓN, CLÁUSULA e ORACIÓN. Óptase por esta última.
- Non diferenciaremos entre frase nominal ou substantiva. Soamente empregaremos o termo **frase nominal** para ambos casos.
- Optamos polo termo **MODIFICADOR** (para englobar todas as terminoloxías e casos como adxacente, complemento de...).
- O termo **DETERMINANTE** ten un valor dobre: como clase de palabra e como función sintáctica dentro dunha frase nominal
- No caso da frase preposicional, analizaremos en **enlace/termo**.
- Diferenciaremos entre predicado nominal e predicado verbal.
- Óptase polo termo **COMPLEMENTO DE RÉXIME** (e non suplemento ou complemento preposicional).
- En ningún caso empregaremos a terminoloxía de oracións bipolares (aínda que expliquemos que nas condicionais, concesivas, comparativas e consecutivas non existe en realidade unha relación de subordinación senón de interdependencia).
- Clasificaremos as oracións en **adverbiais propias e impropias**. É importante insistir en que no caso das subordinadas adverbiais de tempo, modo, lugar,



finalidade e causal a oración dependente desempeña a función de complemento circunstancial. Sen embargo, nas comparativas, consecutivas, condicionais e concesivas a subordinada non desempeña función algunha.

- Nos casos dos elementos que modifican a toda a oración e que están separados por coma (Afortunadamente, todo saíu ben), falaremos de MARCADOR OU MODIFICADOR ORACIONAL.

## 6.2. UNIFICACIÓN METODOLÓXICA

Conseguir un tratamento integrado de linguas implica tamén consensuar a metodoloxía que se empregará dentro da aula. Neste senso é fundamental marcar unhas liñas de actuación que se acomoden ao establecido no marco legal e que se encamiñen na vertente da lingüística crítica e do enfoque comunicativo.

Os puntos capitais da metodoloxía que nos une son:

1. Aplicación dun enfoque comunicativo e competencial no ensino de linguas.
2. Metodoloxía baseada na formulación de situacións de aprendizaxe, de traballo por tarefas e de proxectos integradores. O que se persigue é lograr unha aprendizaxe significativa e activa na que o alumnado ocupe o lugar central de plena responsabilidade. A función do profesorado será a de guiar e orientar aos discentes neste camiño, proporcionándolles contidos novos, ferramentas, estratexias de aprendizaxe e reforzo das habilidades individuais para conseguir un obxectivo grupal.
3. As actividades tentarán integrar diferentes destrezas: oralidade, escritura, comprensión.
4. Intentarase buscar nas actividades a intercomprensión entre linguas, para que o alumnado transfira coñecementos duns códigos a outros. O profesorado ha de ser a figura-guía que axude ao alumnado a facer equivalencia entre os contidos.



5. Empregaranse materiais textuais moi diversos e de diferentes naturezas, facendo especial fincapé no traballo con textos multimodais que esixan unha reflexión crítica por parte do alumnado.
6. En relación co punto anterior, empregárase material de actualidade, orientado a fomentar a conciencia crítica do alumnado en temáticas coma a igualdade de xénero ou a Axenda 2030. O noso labor non será só o de lograr que mellore a competencia lingüística, senón que teremos que formar tamén persoas responsables e comprometidas co mundo no que viven.
7. Prestaremos especial atención ao alumnado de orixe estranxeira para poñer en valor a súa lingua nai e aproveitar a súa riqueza. Así mesmo, atenderase á súa evolución para tomar as medidas de adaptación necesarias.
8. Fomentárase o traballo colaborativo, entre alumnado e entre o profesorado.
9. A metodoloxía empregada buscará sempre reforzar a autonomía do alumnado para consolidar a súa competencia en "aprender a aprender".
10. O traballo colaborativo entre o profesorado implica (entre outras moitas cousas) a programación dos contidos de tal xeito que non se repitan. Esta coordinación entre o profesorado de linguas fará rendible o tempo e o traballo invertido na aula e, así mesmo, facilitará o proceso de aprendizaxe do alumnado.
11. A metodoloxía empregada ha de tratar de aproveitar os recursos que proporciona o centro (a biblioteca, a aula de informática), así coma outras propostas que nos chegan do entorno (obras de teatro, charlas e coloquios...). Deste xeito, buscaremos unha formación integral, na que alumnado aprenda en contextos non académicos.
12. Integración das TIC no ensino de linguas: sempre que sexa necesario ou posible, traballaremos co alumnado as TIC para mellorar o proceso de aprendizaxe. Existen numerosas ferramentas que poden ser de gran axuda



como a aula virtual do centro, programas de tratamento de son (*Audacity*), programas para a elaboración de podcasts ou de edición de vídeo ou de presentacións/infografías (*Canva*), etc.

13. A atención á diversidade será unha peza esencial desta metodoloxía: é fundamental atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe e observar detidamente a evolución do alumnado para detectar as dificultades e deseñar medidas que fagan accesible o coñecemento. O contacto e o diálogo co Departamento de Orientación será imprescindible nos mecanismos de atención á diversidade.

### 6.3. UNIFICACIÓN NA AVALIACIÓN

É inevitable que cada Departamento encargado do ensino de linguas teña as súas particularidades no proceso de avaliación. Por exemplo, no caso dos departamentos de linguas estranxeiras (inglés, francés e portugués no noso IES) a oralidade terá un papel destacado na avaliación. O mesmo ocorre no caso do galego. Sen embargo, posto que no noso centro o alumnado é maioritariamente castelán falante, a oralidade nesta lingua será avaliada, pero non terá o mesmo peso que nos casos anteriores. En terceiro lugar, no caso das linguas clásicas, a oralidade pasa a un último plano.

A pesar das diferenzas, establecemos os seguintes piares comúns no proceso avaliador, atendendo á lexislación que nos ampara:

- A avaliación será **continua, formativa, integradora e diferenciada**:
  - A avaliación continua permitiranos un seguimento constante da situación de cada estudante, de tal modo que poidamos intervir coa suficiente antelación.
  - A avaliación feita desde un enfoque formativo danos unha perspectiva integral e fomentará que o alumnado detecte as súas carencias e traballe para corrixilas.
  - O enfoque integrador na avaliación implica atender ás diferentes competencias que se traballan na etapa: a competencia lingüística e



plurilingüística será a base para mellorar tamén no resto de competencias básicas marcadas pola LOMLOE. Así mesmo, deberá empregar instrumentos variados de cualificación.

- A avaliación diferenciada insiste no feito de que do mesmo xeito que se personaliza a aprendizaxe, tamén se ha de personalizar a avaliación para atender á diversidade e permitir o progreso do alumnado e non o seu estancamento.

- **QUE AVALIAREMOS?:**

- Caderno de aula.
- Produción escrita do alumno/a.
- Produción oral do alumno/a.
- Comprensión oral e escrita do alumno/a.
- Traballos de investigación (individuais ou en equipo).
- Traballo de clase e da casa.

- **COMO AVALIAREMOS?**

- Mediante probas escritas, ben sexan en formato exame ben en formato traballo de investigación. Empregaremos probas escritas ou ben rúbricas ou escalas de valoración.
- Mediante probas/exposicións orais. Empregaranse rúbricas estandarizadas.
- Mediante a observación directa na clase e do traballo que se ha de facer na casa e que amosa a dedicación diaria do alumnado á materia. O seguimento farase mediante consignación no caderno do profesorado, mediante listas de cotexo ou escalas de valoración.



- En relación ás probas escritas procurarase na medida do posible que sexan elaboradas desde un enfoque competencial, respondendo así ao carácter formativo do proceso avaliador. Este enfoque competencial da avaliación ha construírse sobre os seguintes piares básicos:
  - Ha de estar deseñada en relación cos resultados de aprendizaxe.
  - Ha de ser planificada e coherente coa metodoloxía empregada.
  - Os criterios deben ser relevantes e transparentes.
  - Sempre que se poida, o alumnado participará no proceso de avaliación (coavaliación) e ha de recibir un *feedback* do traballo realizado.
- Tendo en conta que a avaliación ha de ser continua, formativa e diferenciada, valorarase e terase sempre en consideración a mellora do alumno/a ao longo do proceso de aprendizaxe.

## 6.4. Tratamento dos contidos nas linguas estranxeiras

### 6.4.1. Lingua Estranxeira

Os contidos unifican os coñecementos (saber), as destrezas (saber facer) e as actitudes (saber ser) necesarias para a adquisición dos obxectivos da materia e favorecen a avaliación das aprendizaxes a través dos criterios. Estrutúranse en tres bloques. O bloque «Comunicación» abarca todos os saberes que é necesario mobilizar para o desenvolvemento das actividades lingüísticas de comprensión, produción, interacción e mediación, incluídos os relacionados coa procura, selección e contraste de fontes de información e a xestión das devanditas fontes. O bloque «Plurilingüismo» integra os saberes relacionados coa capacidade de reflexionar sobre o funcionamento das linguas, así como os saberes que forman parte do repertorio lingüístico do alumnado, co fin de contribuír á aprendizaxe da lingua estranxeira e á mellora das linguas que conforman o repertorio lingüístico do alumnado. Por último, no bloque «Interculturalidade» agrúpanse os saberes acerca das culturas vehiculadas a través da lingua estranxeira e a



súa importancia como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.

#### **6.4.2. Segunda Lingua Estranxeira**

Os contidos son os coñecementos (saber), as destrezas (saber facer) e as actitudes (saber ser) necesarios para a realización das aprendizaxes e a avaliación das capacidades ou procesos enunciados nos criterios de avaliación. Estrutúranse en tres bloques. O bloque «Comunicación» abarca os coñecementos, destrezas e actitudes que é necesario mobilizar para o desenvolvemento das actividades lingüísticas de comprensión, produción, interacción e mediación, incluídos os relacionados coa procura de fontes de información e a xestión das fontes consultadas. O bloque «Plurilingüismo» engloba as estratexias e os procesos, de maneira que aqueles traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas das demais. O dominio das aprendizaxes establecidas neste bloque vai permitir que o alumnado poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos propios da lingua estranxeira e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Por último, no bloque «Interculturalidade», agrúpanse os coñecementos, destrezas e actitudes sobre as culturas vehiculadas a través da lingua estranxeira, e a oportunidade de enriquecemento e de relación cos demais que estas posibilitan. Resultan esenciais neste bloque as actitudes de interese, aprecio e respecto por outras linguas, variedades lingüísticas e culturas. Neste sentido, o currículo de Segunda Lingua Estranxeira estrutúrase ao redor da variedade estándar da lingua coa única finalidade de que a persoa usuaria poida comunicarse cun maior número de persoas interlocutoras.

### **6.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN LINGUAS ESTRANXEIRAS ESO E BACHARELATO**

#### **6.5.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESO (Decreto 156/2022)**



## ❖ BLOQUE 1: COMUNICACIÓN

### ⇒ PRODUCCIÓN ORAL E ESCRITA (OBX 1)

- Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.
- Interpretar e valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.
- Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar, seleccionar e xestionar información veraz.

### ⇒ PRODUCCIÓN ORAL (OBX.2)

- Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.

### ⇒ PRODUCCIÓN ESCRITA (OBX.2)





- Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.
- Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen se dirixe o texto.

#### ⇒ INTERACCIÓN (OBX. 3)

- Planificar, participar e colaborar activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.
- Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.

#### ⇒ MEDIACIÓN (OBX.4)



- Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, así como polas linguas empregadas, participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.
- Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.

#### ❖ BLOQUE 2: PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (OBX.5)

- Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.
- Utilizar estratexias, recursos e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira de forma creativa (combinándoos e xerando outros novos), con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.
- Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando as estratexias máis eficaces para superalos e consolidar a aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.

#### ❖ BLOQUE 3: INTERCULTURALIDADE (OBX 6)



- Actuar de forma apropiada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propoñendo vías de solución para aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.
- Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.
- Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.

## 6.5.2 CRITERIOS AVALIACIÓN BACHARELATO (Decreto157/2022)

### ❖ BLOQUE 1: COMUNICACIÓN

#### ⇒ COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (OBX 1)

- Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.
- Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos e certos matices como a ironía ou o uso estético da lingua de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos



académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción, sobre unha ampla variedade de temas de relevancia persoal ou de interese público.

- Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.

#### ⇒ PRODUCCIÓN ORAL (OBX 2)

- Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros, coherentes, detallados, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.

#### ⇒ PRODUCCIÓN ESCRITA (OBX. 2)

- Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.



- Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.

### ⇒ INTERACCIÓN (OBX. 3)

- Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.
- Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidade, axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores percibindo as súas reaccións, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.

### ⇒ MEDIACIÓN (OBX. 4)

- Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando



na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.

- Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo e dos intereses e ideas das interlocutoras e dos interlocutores.

#### ❖ BLOQUE 2: PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (OBX.5)

- Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando de forma sistemática sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.
- Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e interlocutores e de soportes analóxicos e dixitais.
- Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, compartindo e facendo explícitos estes progresos e dificultades.

#### ❖ BLOQUE 3: INTERCULTURALIDADE (OBX. 6)

- Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando e avaliando



calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.

- Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela favorecendo e xustificando o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.
- Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.

## 7. ACTIVIDADES DOS DEPARTAMENTOS DE LINGUAS, EDLG E BIBLIOTECA

- Conmemoración de efemérides: Día da Paz, Día de Rosalía, Día da Muller, Día do Libro, Día das Letras Galegas...
- Tertulias literarias en galego e en castelán.
- Clubs de lectura.
- Encontros literarios con autores e autoras.
- Recitais de poesía.
- Actividades culturais tradicionais: Samaín, Magosto, Entroido, Día de San Patricio, Francofonía, Lusofonía...
- Saídas didácticas: asistencia a representacións teatrais, roteiros literarios, English Week, campamento lingüístico en francés, visitas a restos arqueolóxicos castrexos e romanos...
- Concursos e certames: literarios, fotográficos, culinarios, expresión artística...

## 8. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

### a) Recursos humanos



A área lingüística do IES Xesús Ferro Coucelo está conformada polos seguintes departamentos:

- Departamento de Lingua Castelá: forman parte deste departamento catro docentes e as materias que imparten son: Lingua Castelá e Literatura en todos os grupos e niveis; Oratoria en 4º de ESO; Literatura Universal de 1º de Bacharelato e a hora de Libre Disposición de centro de 1º de Bacharelato que recibe o nome "Desenvolvemento de pensamento crítico".
- Departamento de Lingua Francesa: forman parte deste departamento dúas docentes e máis a Auxiliar de Conversa en lingua francesa e as materias que imparten son: Segunda Lingua Estranxeira-Francés en todos os niveis agás 2º de Bacharelato e Lingua Estranxeira I en 1º de Bacharelato.
- Departamento de Lingua Galega: forman parte deste departamento tres docentes máis unha docente pertencente ao departamento de Latín que imparte aulas en 1º de ESO así como un profesor PROA. As materias englobadas dentro do dito departamento son: Lingua Galega e Literatura en todos os grupos e niveis; Segunda Lingua Estranxeira-Portugués en 1º e 2º de ESO; Oratoria e Debate en 3º de ESO e a hora de Libre Disposición de 2º de ESO.
- Departamento de Lingua Inglesa: conformado por tres docentes máis unha docente pertencente ao Departamento de Lingua Castelá e outra docente pertencente ao Departamento de Lingua Francesa e que imparten aulas en 1º de ESO ambas as dúas. As materias que imparten son Lingua Estranxeira-Inglés en todos os grupos e niveis e o Proxecto Competencial de 1º de ESO.
- Departamento de Latín: forman parte deste departamento dúas docentes e imparten aulas nos seguintes grupos e niveis: Oratoria e debate en 3.º ESO (materia pertencente ao Departamento de Lingua galega); Latín e Cultura clásica en 4.º de ESO; Latín en 1.º e 2.º de bacharelato e Grego en 2.º de Bacharelato.

## **b) Recursos materiais**





Actualmente contamos con dicionarios, gramáticas, revistas e libros en diferentes formatos (fondos bibliográficos ubicados na Biblioteca do centro e nos distintos Departamentos).

Trataremos de colocar nas diferentes webs (páxinas dos Departamentos e Biblioteca) acceso a correctores, dicionarios en liña das distintas linguas impartidas no centro.

<https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega>,

<https://mxfernandez.wordpress.com>, <https://iesferrocouselo.blogspot.com/>,

[https://www.instagram.com/biblio\\_ferro/](https://www.instagram.com/biblio_ferro/)

<https://twitter.com/endlferro#aferrateagalego>

## 9. LINGUAS NAS QUE SE IMPARTEN AS DISTINTAS MATERIAS

### 9.1. ESO

PRIMEIRO CURSO		Horas	
Bioloxía e Xeoloxía	GALEGO	4+1	
Tecnoloxía e Dixitalización	CASTELÁN	3	
Matemáticas	CASTELÁN	4	
Xeografía e Historia	GALEGO	3	
Lingua Castelá e Literatura	CASTELÁN	3	
Lingua Galega e Literatura	GALEGO	3	
Primeira Lingua Estranxeira	Inglés	3	
Segunda Lingua Estranxeira	Francés	2	
Segunda Lingua Estranxeira	Portugués	2	
Proxecto Competencial (dep. Inglés)	Inglés	1	
Titoría	----- --	1	



Educación Plástica, Visual e Audiovisual	<b>CASTELÁN</b>	<u>2</u>	
Educación Física	<u>GALEGO</u>	<u>2+1</u>	<b>CASTELLANO_12</b>
Relixión Valores Éticos	<u>GALEGO</u>	<u>1</u>	<u>GALEGO_15</u>

SEGUNDO CURSO		Horas	
Física e Química	<b>CASTELÁN</b>	<b>3</b>	
Proxecto Competencial (dep. Matemáticas)	<b>CASTELÁN</b>	<b>1</b>	
Matemáticas	<b>CASTELÁN</b>	<b>4</b>	
Xeografía e Historia	<u>GALEGO</u>	<u>3</u>	
Lingua Castelá e Literatura	<b>CASTELÁN</b>	<b>3+1</b>	
Lingua Galega e Literatura	<u>GALEGO</u>	<u>3+1</u>	
Tecnoloxía e Dixitalización	<b>CASTELÁN</b>	<b>3</b>	
Primeira Lingua Estranxeira	Inglés	3	
Segunda Lingua Estranxeira	Francés	2	
Segunda Lingua Estranxeira	Portugués	2	
Titoría	-----	1	
Música	<u>GALEGO</u>	<u>2</u>	
Educación Física	<u>GALEGO</u>	<u>2</u>	<b>CASTELÁN_15</b>
Relixion Católica	<u>GALEGO</u>	<u>1</u>	<u>GALEGO_12</u>

TERCEIRO CURSO		Horas	
Bioloxía e Xeoloxía	<u>GALEGO</u>	<u>2</u>	
Educación Dixital	<b>CASTELÁN</b>	<b>3</b>	
Física e Química	<b>CASTELÁN</b>	<b>2</b>	



Educación en Valores Cívicos e Éticos	GALEGO	1	
Xeografía e Historia	GALEGO	3	
Lingua Castelá e Literatura	CASTELÁN	3	
Lingua Galega e Literatura	GALEGO	3	
Primeira lingua estranxeira	Inglés	3	
Segunda Lingua Estranxeira	Francés	3	
Segunda Lingua Estranxeira	Portugués	3	
Matemáticas	CASTELÁN	4	
Oratoria e debate (GAL)	GALEGO	3	
Proxecto Competencial (Física-Química)	CASTELÁN	1	
Titoría	-----	1	
Relixión	GALEGO	1	
Valores Éticos		1	
Música	GALEGO	2	
Educación Física	GALEGO	2	
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	CASTELÁN	2	CASTELÁN_17
Cultura Clásica	CASTELÁN	2	GALEGO_17

CUARTO CURSO	MATERIAS OBRIGATORIAS (14 H)	MATERIAS DE OPCIÓN (9H)	MATERIA OPTATIVA (3H)
ENSINANZAS ACADÉMICAS	3 XEOGRAFÍA E HISTORIA (GAL) 3 LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (CAST) 3 LINGUA GALEGA E LITERATURA (GAL) 4 MATEMÁTICAS A (CAST) 3 PRIMEIRA LINGUA	Elixir tres 3 FÍSICA E QUÍMICA (CAST) 3 LATÍN (CAST) 3 BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	Elixir unha 3 CULTURA CLÁSICA (GAL) 3 EXPRESIÓN ARTÍSTICA (CAST) 3 ORATORIA E DEBATE (CAST) 3 FILOSOFÍA (GAL)



	ESTRANXEIRA 2 EDUCACIÓN FÍSICA (GAL)		€
	1 RELIXIÓN /VALORES ÉTICOS (GAL) 1 PROXECTO COMPETENCIAL (Economía) (GAL) 1 Titoría	(GAL) 3 TECNOLOXÍA (CAST) 3 ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO (CAST)	
ENSINANZAS APLICADAS	3 XEOGRAFÍA E HISTORIA (GAL) 3 LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (CAST) 3 LINGUA GALEGA E LITERATURA (GAL) 4 MATEMÁTICAS B (CAST) 3 PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)	3 MÚSICA (GAL) 3 DIXITALIZACIÓN (CAST) 3 SEGUNDA LINGUA FRANCÉS 3 FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL E LABORAL (GAL)	
	2 EDUCACIÓN FÍSICA (GAL) 1 RELIXIÓN /VALORES ÉTICOS GAL 1 PROXECTO COMPETENCIAL (Economía) (GAL) 1 Titoría		

## 9.2. Bacharelato

Modificación en 1.º BACH e 2.º BACH desde o curso 19-20: Ofertaranse inglés e francés como Lingua estranxeira I. A mesma oferta farase para a segunda lingua estranxeira.

PRIMEIRO DE BACHARELATO	MATERIAS XERAIS (19H)	MATERIA DE OPCIÓN (8H)	MATERIAS ESPECÍFICAS DE OPCIÓN E LIBRE CONFIGURACIÓN (5H)
-------------------------	-----------------------	------------------------	---



<b>CIENCIAS E TECNOLOXÍA</b>	<p>3 LINGUA CASTELÁ E LIT. I (CAST)</p> <p>3 LINGUA GALEGA E LIT. I (GAL)</p> <p>3 FILOSOFÍA (GAL)</p> <p>3 EDUCACIÓN FÍSICA (GAL)</p> <p>4 MATEMÁTICAS I (CAST)</p> <p>3 LINGUA ESTRANXEIRA I</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ INGLÉS</li> <li>○ FRANCÉS</li> </ul>	<p>Elixir DÚAS</p> <p>4 FÍSICA E QUÍMICA (CAST)</p> <p>4 BIOLOXÍA E XEOLOXÍA (GAL)</p> <p>4 DEBUXO TECNICO I (CAST)</p> <p>4 TECNOLOXÍA E INXENERÍA (CAST)</p>	<p>Só se cursará unha</p> <p>4 ANATOMÍA APLICADA (CAST)</p> <p>4 ANTROPOLOXÍA (CAST)</p> <p>4 LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E ACTUALIDADE (GAL)</p> <p>4 CULTURA CIENTÍFICA (CAST)</p> <p>4 TIC I (CAST)</p> <p>4 SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ INGLÉS</li> <li>○ FRANCÉS</li> </ul>
<b>HUMANIDADES</b>	<p>3 LINGUA CASTELÁ E LIT. I (CAST)</p> <p>3 LINGUA GALEGA E LIT. I (GAL)</p> <p>3 EDUCACIÓN FÍSICA (GAL)</p> <p>3 FILOSOFÍA (GAL)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 4 LATÍN I (CAST)</li> <li>○ 3 LINGUA ESTRANXEIRA I</li> <li>○ INGLÉS</li> <li>○ FRANCÉS</li> </ul>	<p>Elixir DÚAS</p> <p>4 ECONOMÍA (CAST)</p> <p>4 H.<sup>a</sup> DO MUNDO CONTEMPORÁNEO (CAST)</p> <p>4 LITERATURA UNIVERSAL (CAST)</p> <p>4 GREGO I (CAST)</p>	<p>Elixir unha entre</p> <p>1 RELIXIÓN (GAL)</p> <p>1 LIBRE DISPOSICIÓN DO CENTRO (Dep. Castelá) (CAST)</p>



<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	<p>3 LINGUA CASTELÁ E LIT. I (CAST)</p> <p>3 LINGUA GALEGA E LIT. I (GAL)</p> <p>3 LINGUA ESTRANXEIRA I</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ INGLÉS</li> <li>○ FRANCÉS</li> </ul> <p>3 EDUCACIÓN FÍSICA ( GAL)</p> <p>3 FILOSOFÍA ( GAL)</p> <p>4 MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CC SOCIAIS I (CAST)</p>		
<b>XERAL*</b>	<p>3 LINGUA CASTELÁ E LIT I (CAST)</p> <p>3 LINGUA GALEGA E LIT I (GAL)</p> <p>3 FILOSOFÍA (GAL)</p> <p>3 EDUCACIÓN FÍSICA (GAL)</p> <p>4 MATEMÁTICAS XERAIS (CAST)</p> <p>3 LINGUAS ESTRANXEIRA II</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ INGLÉS</li> <li>○ FRANCÉS</li> </ul>	<p>4 ECONOMÍA EMPRENDEMENTO E ACTIVIDADE EMPRESARIAL (CAST)</p> <p>4 FÍSICA E QUÍMICA (CAST)</p> <p>4 BIOLOXÍA, XEOLOXÍA E CA (GAL)</p> <p>4 DEBUXO TÉCNICO I (CAST)</p> <p>4 TECNOLOXÍA E INXENERÍA I (CAST)</p> <p>4 GREGO I (CAST)</p> <p>4 Hª DO MUNDO CONTEMPORÁNEO (GAL)</p> <p>4 LITERATURA UNIVERSAL (CAST)</p> <p>4 ECONOMÍA (CAST)</p>	



SEGUNDO DE BACH	MATERIAS XERAIS	MATERIAS DE OPCIÓN (8h)	ESPECIFICAS DE OPCIÓN E LIBRE CONFIGURACIÓN (5H)
<b>CIENCIAS E TECNOLOXÍA</b>	<p>3 LINGUA CASTELÁ E LIT. II (CAST)</p> <p>3 LINGUA GALEGA E LIT. II (GAL)</p> <p>3 HISTORIA DE ESPAÑA (GAL)</p> <p>3 HISTORIA DA FILOSOFÍA</p> <p>4 MATEMÁTICAS II (CAST)</p> <p>3 LINGUA ESTRANXEIRA II</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ INGLÉS</li> <li>○ FRANCÉS</li> </ul>	<p>Elixir DÚAS</p> <p>4 BIOLOXIA (GAL)</p> <p>4 DEBUXO TÉCNICO II (CAST)</p> <p>4 QUÍMICA (CAST)</p> <p>4 FÍSICA (CAST)</p> <p>4 TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA II (CAST)</p> <p>4 XEOLOXÍA E C. AMBIENTAIS (GAL)</p>	<p>Elixir UNHA</p> <p>4 MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NÚMERICOS (CAST)</p> <p>4 TIC II (CAST)</p> <p>4 XEOGRAFÍA, HISTORIA, ARTE E PATRIMONIO DE GALICIA (GAL)</p> <p>4 PSICOLOXÍA (CAST)</p> <p>4 CIENCIAS XERAIS (CAST)</p> <p>4 SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ INGLÉS</li> <li>○ FRANCÉS</li> </ul>
<b>HUMANIDADES</b>	<p>3 LINGUA CASTELÁ E LIT. II (CAST)</p> <p>3 LINGUA GALEGA E LIT. II (GAL)</p> <p>3 HISTORIA DE ESPAÑA (GAL)</p> <p>3 HISTORIA DA FILOSOFÍA (GAL)</p> <p>4 LATIN II (CAST)</p> <p>3 LINGUA ESTRANXEIRA</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ INGLÉS</li> <li>○ FRANCÉS</li> </ul>	<p>Elixir DÚAS</p> <p>4 XEOGRAFÍA (GAL)</p> <p>4 HISTORIA DA ARTE (GAL)</p> <p>4 EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO (CAST)</p> <p>GREGO II (CAST)</p>	<p>ELIXIR UNHA</p> <p>1 RELIXIÓN (GAL)</p> <p>1 LIBRE DISPOSICIÓN: Dep. Música (GAL)</p>
<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	<p>3 LINGUA CASTELÁ E LIT. II (CAST)</p>		



	<p>3 LINGUA GALEGA E LIT. II (GAL)</p> <p>3 HISTORIA DA FILOSOFÍA (GAL)</p> <p>3 HISTORIA DE ESPAÑA (GAL)</p> <p>4 MATEMÁTICAS APLICADAS CC. SOCIAIS II (CAST)</p> <p>3 LINGUA ESTRANXEIRA II</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o INGLÉS</li> <li>o FRANCÉS</li> </ul>		
<b>XERAL*</b>	<p>3 LINGUA CASTELÁ E LIT II (CAST)</p> <p>3 LINGUA GALEGA E LIT II (GAL)</p> <p>3 HISTORIA DA FILOSOFÍA (GAL)</p> <p>3 HISTORIA DE ESPAÑA (GAL)</p> <p>4 CIENCIAS XERAIS (CAST)</p> <p>3 LINGUA ESTRANXEIRA</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o INGLÉS</li> <li>o FRANCÉS</li> </ul>	<p>4 MOVEMENTOS CULTURAIS E ARTÍSTICOS (GAL)</p> <p>4 FÍSICA (CAST)</p> <p>4 QUÍMICA (CAST)</p> <p>4 BIOLOXÍA (GAL)</p> <p>4 XEOLOXÍA (GAL)</p> <p>4 DEBUXO TÉCNICO II (CAST)</p> <p>4 TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA II (CAST)</p> <p>4 GREGO II (CAST)</p> <p>4 XEOGRAFÍA (GAL)</p> <p>4 Hº DA ARTE (GAL)</p> <p>4 EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO (CAST)</p>	





Segundo se dispón no Decreto 79/2010 do 20 de maio, as programacións e os documentos oficiais do centro redactaranse, con carácter xeral, en LINGUA GALEGA.

## 10. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

Neste apartado valóranse aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso do alumnado que presente un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas. O primeiro chanzo na detección de necesidades é o profesorado titor que, a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades supere as posibilidades do profesorado, este recorrerá ao Departamento de Orientación que realizará a preceptiva avaliación psicopedagóxica. A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte do profesorado que teña horas dispoñibles como do profesorado de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe, se for preciso. Convén subliñar que no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poida aprender a segunda lingua, logo da valoración individual de cada caso. Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, establece que a Administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegure a capacitación lingüística nas linguas oficiais.

A realidade sociolingüística do noso centro presenta interferencias galego/castelán que se dan na competencia comunicativa do noso alumnado. A máis destacable é a existencia de alumnado castelán-falante que menospreza o galego e alumnado galego-falante que vai abandonando a lingua pola presión do grupo. Faise necesario, entón, un importante esforzo educativo co fin de que estas circunstancias deixen de ser un obstáculo para a comunicación.



Á beira destas situacións non debemos esquecer o alumnado que, por distintas razóns, carecen do suficiente dominio das linguas. En primeiro lugar cómpre determinar o grao de carencia que presentan respecto do dominio lingüístico, e en que lingua ou linguas se dá este; valoración que terá lugar na avaliación inicial e coa información aportada polo Departamento de Orientación.

Situación diferente é a que ofrece o alumnado estranxeiro, en aumento, sobre todo procedentes de países de fala española e nestes dous últimos anos, de alumnado ucraíno; nestes casos, acadar unha competencia comunicativa adecuada é unha necesidade prioritaria; debemos acometela desde o principio, xa que o dominio da lingua é fundamental tanto para conseguir a integración social como para desenvolver de forma axeitada o proceso de ensino- aprendizaxe. É, así mesmo, un traballo longo, un camiño que percorreremos completando diferentes etapas, priorizando en cada momento as necesidades de comunicación máis urxentes ata conseguir o dominio das dúas linguas oficiais, a nivel oral e escrito.

Alén diso, dispomos da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación en cuxos artigos 67 e 68, referidos ás medidas de atención específica ao **alumnado procedente do estranxeiro**, establecen que o alumnado que descoñeza ambas as linguas cooficiais poderá incluírse en agrupamentos de tipo autorizado co obxectivo de ir adquirindo as linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite, canto antes, a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso en que estea escolarizado.

Concretando, para lograr a adquisición das linguas cooficiais, adoptáronse algunhas medidas necesarias para que o alumnado que presenta dificultades logre unha competencia lingüística aceptable en galego e castelán, así como nas linguas estranxeiras:



-Existencia de sesións de PREAVALIACIÓN ou **AVALIACIÓN INICIAL**, onde se comparten as dificultades detectadas no alumnado, onde as lingüísticas son salientadas e axudan a organizar a planificación concreta de alumnado en cada curso. Inclúense ACI nas linguas, dislexias, TDA, TDH, TDAH e, por suposto, descoñecemento das linguas cooficiais.

- **As actividades deseñadas para a dinamización da Lingua Galega:** As actividades para a promoción das linguas que se describen nun apartado específico deste documento (consúltese apartado 5.2) e que teñen como obxectivo aumentar a competencia lingüística en galego e evitar a deserción lingüística, así como potenciar e consolidar o prestixio da lingua.
- Dende o **Proxecto lector de centro:** Temos deseñada unha planificación lectora dirixida a todo o alumnado para aumentar o hábito lector e a aprendizaxe do uso dos recursos da biblioteca, incluíndo aquí equipos informáticos ao servizo do alumnado. As actividades programadas están ideadas para facilitar o aumento das destrezas básicas tanto en galego coma en castelán. Algunhas das accións do plan lector recóllense nas actividades de dinamización e normalización lingüística, nas de Biblioteca e Club de lectura que xa se citaron anteriormente.
- Inventario do material didáctico dispoñible na **biblioteca** (ver **Plan de biblioteca**). O propio profesorado será quen, na súa materia, se encargue de recomendar material de apoio, por ser quen detecte as necesidades que presente o alumnado.
- **Emprego da tecnoloxía** adaptada ás necesidades lingüísticas do alumnado (programas informáticos adaptados que favorezan o incremento da competencia, Aula Virtual, blogs de clase, links...).
- Organización das **actividades complementarias e extraescolares** (xa mencionadas) intentando valorar o papel do galego nelas.



- **Uso de material didáctico e recursos nas outras linguas do centro**, inglés, francés e portugués, como material lingüístico interdisciplinar.
- **Comunicación e intercambio con outros centros** (Proxectos *Erasmus*, *Proxecto competencial* en 1º da ESO...).
- **Profesorado de audición e linguaxe (AL) e PT** para atender casos diagnosticados (informes previos, tanto na ESO coma en bacharelato, e tamén grazas aos resultados da **AVALIACIÓN INICIAL** na ESO). Temos atención nos niveis de toda a ESO (cobren non só problemas específicos senón tamén os que teñen que ver coas linguas).
- No departamento de **LINGUA GALEGA** temos no curso 23-24:
  - a) Unha hora máis de reforzo (de libre disposición, *Técnicas de Comunicación*) no nivel de 2º ESO (durante dous cursos consecutivos e revisable).
  - b) Contamos tamén durante o curso 2023-24 coa incorporación como **profesor de apoio PROA** a un especialista na materia que atenderá ao alumnado que ten a materia de LG pendente en 2º, 3º e 4º ESO. Segundo o alumnado vaia recuperando a materia, o profesor PROA irá reforzando tamén a alumnado con necesidades no curso actual.
  - c) Hai un **seguimento do alumnado** (incluídos informes de aviso aos pais) para o alumnado **repetidor** coa materia de LG suspensa e tamén para alumnado que pasa de curso coa materia **pendente**.
  - d) Reforzo da lingua galega grazas á materia de **Oratoria e Debate** en 3º ESO (en 4º ESO impartírase en castelán, que tamén reforzarán)
  - e) Nas Competencias en Comunicación Lingüística (CCL) ampliamos a oferta de **portugués** a 2º ESO (xa contamos desde o curso 2022-23 en 1º ESO) e irase ofertando progresivamente.
  - f) Atenderase dun xeito especial ao **ALUMNADO EXENTO** por seren de fóra da nosa comunidade:
    - Deberán asistir obrigatoriamente á clase de lingua galega, tal como esixe o decreto lei.



- Realizarán o traballo diario na clase igual que o resto dos seus compañeiros, aínda que precisen axuda dos seus profesores ou dos mesmos compañeiros e compañeiras.
  - Proporcionaráselle material didáctico axeitado ou específico por parte do profesorado para que teñan un bo aproveitamento nas diversas materias que se imparten en Lingua galega.
  - Motivaranse para que se impliquen, en maior medida, nas diversas actividades complementarias para adquirir un maior dominio e soltura da lingua tanto oral coma escrita.
  - Valorarase se, en xeral, necesitan acudir a aulas de reforzo mesmo noutras materias por problemas de dificultades lingüísticas e que requiren unha atención individualizada (no caso de alumnado estranxeiro de países de fala non española).
- No departamento de **LINGUA CASTELÁ** contan cunha hora de reforzo (Libre disposición) en 2º ESO e tamén en 1º bacharelato.
- O alumnado de 1º e 2º da ESO que presenta especiais dificultades no dominio das linguas cooficiais estará exento de cursar a segunda lingua estranxeira e terá dúas horas semanais de reforzo lingüístico nas linguas cooficiais.
- As medidas adoptadas xa no **CENTRO** son as seguintes:

DESTINATARIOS	MEDIDAS
Alumnado con carencias	Para os que manexan, pero non dominan, as catro destrezas básicas: comprender, ler, escribir e falar, aplicarase o reforzo na propia aula a cargo do profesorado que imparte linguas e co asesoramento, se é o caso, do Dpto. de Orientación.



<b>non graves</b>  <b>Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo</b>	Para o alumnado que carece dunha ou máis destas destrezas, aplicarase atención individualizada que pode ser atendida polos Departamentos de Linguas co asesoramento, se é o caso, do Dpto. de Orientación.	
	O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas áreas de lingua galega e lingua castelá, poderá quedar exento de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo e/ou apoio naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior coa colaboración do Departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada.  No seu expediente académico figurará coa mención de exento/a.	
	No caso de ser precisa, efectuarase a incorporación do alumno/a a agrupamentos de tipo autorizado en Lingua Galega e Lingua Castelá.	
	Contemplanse as medidas de reforzo dentro da aula que se consideren oportunas así como as adaptación curriculares pertinentes.  Se é o caso, previa avaliación psicopedagóxica, traballarán co profesor/a de PT e Audición e Linguaxe na potenciación da comprensión lectora e no correcto uso das linguas cooficiais.	
<b>Alumnado estranxeiro (Plan de acollida e intervención co alumnado procedente do estranxeiro)</b>	Unha vez admitido o alumno/a, a súa avaliación inicial determinará as súas necesidades específicas e tamén o curso en que se escolariza.	No caso de que o alumnado coñeza unha das dúas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación inicial realizarase no momento de incorporación do alumno/a ao centro educativo, antes de adscribilo a un curso/grupo. Serán responsables as xefaturas dos Departamentos de Lingua Galega/Lingua Castelá e Matemáticas coa colaboración do Departamento de Orientación.
		No caso de que descoñeza ámbalas dúas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, adscribirase provisionalmente a un grupo mentres se leva a cabo a avaliación inicial. Neste suposto, os responsables da avaliación inicial serán os profesores e profesoras do grupo correspondente, coa colaboración do Departamento de Orientación.
	Acollida na aula: A súa incorporación á aula debe realizarse seguindo os	Designación do alumnado titor/a que, entre outras funcións, terá as seguintes:  - Facilitar a integración do alumnado estranxeiro, evitando o seu illamento nos tempos de lecer.  - Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación.



	seguintes pasos:	Cando o alumno/a descoñece a lingua e no centro hai alguén que coñeza a súa, convén que participe na benvida e lle traduza nos primeiros momentos de presentacións.
	Medidas de atención escolar	Medidas curriculares: modificación de obxectivos e contidos coa eliminación, introdución ou priorización duns sobre outros; elaboración de adaptacións curriculares cando sexan precisas e adaptación de actividades e procedementos didácticos.
		Medidas organizativas: PROA, agrupamentos específicos e atención docente individualizada. Esta última, con carácter xeral, será impartida polo profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Se existe profesorado con horas dispoñibles, poderán colaborar na atención a este alumnado.
<b>PROFESORADO</b>		Plurilingüismo CLIL: participación en cursos de formación e reciclaxe con vistas a mellorar a súa competencia lingüística.
		Estadías de integración no estranxeiro para mellorar a competencia comunicativa co obxectivo de impartir materias nas seccións bilingües.
<b>FAMILIAS</b>		Folleto con orientacións para o fomento da lectura das súas fillas e fillos. Informes de seguimento do alumnado con materias pendentes, e do alumnado repetidor, respecto das materias que suspenderan.

-Medidas que deberían adoptarse:

DESTINATARIOS	MEDIDAS	CARACTERÍSTICAS	RESPONSABLES	DURACIÓN	CANDO*(1)
Non coñece as linguas cooficiais (castelán e galego)	Grupos de adquisición das linguas	Son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares	Preferentemente profesorado das especialidades de tipo lingüístico.	Máximo un trimestre*(1). A inspección pode autorizar excepcionalmente a	24 horas semanais, que non sexan E.F., Música, EPV ou



		do ensino. O alumnado do grupo pertencerá á mesma etapa educativa, non necesariamente ao mesmo curso ou ciclo.		ampliación.	Titoría*(1).
Presenta desfase no nivel de competencia curricular(dous ou máis cursos)	Grupos de adaptación da competencia curricular	Son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular de xeito que se lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado. O alumnado do grupo pertencerá á mesma etapa educativa, non necesariamente ao	Preferentemente o profesorado encargado pertencerá a algunha das especialidades que correspondan ás materias obxecto de reforzo desa competencia.	Pódense estender ao longo de todo o ano escolar.	10 horas semanais. Principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental.*(2)





		mesmo curso ou ciclo.			
Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo	Programa de Diversificación Curricular (PDC)	Intensifica a carga horaria no Ámbito lingüístico. Neste sentido, intentarase reforzar especialmente a competencia nas dúas linguas.	Profesorado das especialidades de tipo lingüístico.	O curso escolar.	

\*(1) O horario no grupo de adquisición de linguas deberase ir reducindo progresivamente a medida que ao alumno/a vaia progresando no dominio da lingua vehicular de aprendizaxe. O alumnado incorporarase plenamente ao grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao descoñecemento das linguas.

\*(2) Tendo en conta que a finalidade dos grupos de adaptación da competencia curricular é conseguir que o alumnado poida incorporarse con normalidade ao seu grupo ordinario de referencia, en ningún caso o desenvolvemento das actividades do grupo poderá abranguer a totalidade do horario semanal de cada unha das materias coas que coincide. O alumnado incorporarase plenamente ao grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao desfase curricular.

## 11. Avaliación do PLC



Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia a avaliación do Proxecto lingüístico de centro será a que figura no seu Artigo 14.º.

- O dito Proxecto lingüístico de centro será aprobado e avaliado polo consello escolar do centro educativo.
- Este proxecto remitiráselles cada catro cursos escolares aos servizos da inspección educativa, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da Lei orgánica de educación.
- Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

1. En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

2. En todos os centros, información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

3. A Administración educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coa finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquiera de forma oral e escrita a competencia lingüística propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas cooficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.